

## Convocan inscricións para o XIV Torneo de palas-praia en #Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 25 Agosto 2015 20:23

---



O vindeiro sábado día 29 de agosto, a Concellería de Deportes e Actividades Marítimas do Concello de Baiona, organiza a XIV edición do torneo de palas - praia, na Ribeira a partir das 12.00 horas, modalidade que ano tras ano arrastra unha chea de seguidores.

Torneo que se desenvolve en modalidade de parellas e cunhas normativas adaptadas e deseñadas desde a organización, pretendendo mesturar varios deportes de raqueta, como o tenis, badminton e por suposto as palas, esperando ofrecer unha alternativa de lecer nova e rechamante , onde teñan cabida todas as persoas que teñan como obxectivo a diversión e o deporte.

Neste momento aínda hai prazas dispoñible, o torneo xogarase en 3 pistas adaptadas a devandita modalidade deportiva na praia da Ribeira repartidos en grupos , o que garante un mínimo de partidos a cada unha delas.

As 2 mellores parellas de cada grupo pasasen á fase final sendo estas as que tras enfrontamentos directos resolverase cos ganadores desta edición do 2015. Os partidos clasificatorios se xogaran a 1 set de 15 puntos e os da fase final ao mellor de 2 set de 10 puntos.

Para a elaboración de devandito torneo cóntase coa colaboración de Villa Rosa Baiona, Coca Cola e a La Caixa , que co Concello de Baiona garanten os trofeos e premios para todos os

## **Convocan inscricións para o XIV Torneo de palas-praia en #Baiona.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 25 Agosto 2015 20:23

---

participantes en está decimo cuarta edición.

As bases do torneo así como as inscriciones poderanse realizar no Pavillón de Deportes municipal [deportes@baiona.org](mailto:deportes@baiona.org) ou chamando aos teléfonos 986 356558.